



**O concello pontevedrés de Vilaboa contará con case 800 inmobles preparados para dispor de velocidades ultrarrápidas cando rematen os traballos de despregamento de R no marco do Plan Avanza**

## **R chega por vez primeira a Vilaboa, onde xa se pode gozar de internet de ata 500 megas simétricos e doutros servizos avanzados**

- ***A despregadura destas redes está subvencionada polos Fondos FEDER da Unión Europea a través do Programa de Extensión da Banda Larga de Nova Xeración (PEBA-Plan Avanza) do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.***
- ***Polo momento, máis de medio centenar de novos inmobles do núcleo de Costal, no concello pontevedrés de Vilaboa, xa poden gozar de accesos a Internet de ata 500 megas simétricos (subida e baixada) e de todos os servizos de nova xeración de R.***
- ***Cando remate esta fase do plan do Ministerio serán uns 800 os fogares e negocios de Vilaboa con conexión á infraestrutura de fibra do operador galego, que por vez primeira se desprega neste concello de Pontevedra.***

**Venres, 19 de novembro de 2021.-** O concello pontevedrés de Vilaboa acaba de unirse á listaxe de máis de 140 municipios con conexión directa ás redes de nova xeración de **R**, ao incorporarse recentemente **54 fogares e negocios** do núcleo de Costal á infraestrutura de operador galego. Así, este máis de medio centenar de inmobles xa pode gozar de accesos ultrarrápidos a Internet de ata 500 megas simétricos (subida e baixada) e doutros servizos de telecomunicacións de última xeración.

**R** pechou, desta maneira, unha primeira fase dos traballos de despregadura de rede neste concello da Ría de Vigo, aproveitando ao máximo as infraestruturas municipais do núcleo de Costal.

Coa recente incorporación destes 54 inmobles, Vilaboa inicia o seu camiño con **R**, que deixará conectadas, cando remate esta fase do Plan Avanza, preto de 800 residencias e empresas do concello pontevedrés, tamén nos núcleos de Balteiro, Larache, Riomaior, Muíño, Magarella, Barciela, Areeiros, Pazos e Nores.

### **10 millóns de investimento e fondos europeos**

Este e outros desenvolvementos de rede na provincia de Pontevedra forman parte dun dos **tres proxectos do Plan PEBA-Avanza** do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital dos que **R** resultou adxudicatario en 2018 para despregar a tecnoloxía FTTH en 512 núcleos de Galicia que non dispuñan de alta velocidade ata o momento (“zonas brancas”).

Nos tres plans vaise **investir un total de 10M€**, dos cales preto de 8M € serán subvencionados polos fondos FEDER da Unión Europea. En concreto, a despregadura no devandito núcleo de Costal, en Vilaboa, enmárcase no proxecto destinado á extensión de redes de nova xeración en **196 núcleos doutros municipios do sudoeste de Galicia** (Pontevedra), traballos que nestas zonas suporán un investimento total de 3,75 M€.

Un segundo proxecto fala igualmente da despregadura de banda larga de nova xeración con tecnoloxía FTTH, esta vez en **154 núcleos de concellos do noroeste de Galicia** (A Coruña, norte de Pontevedra e oeste de Lugo). Para estas actuacións, o investimento é de 2,6 M€. O terceiro dos proxectos adxudicados desenvólvese en **162 núcleos do centro-oeste de Galicia** (norte de Pontevedra, sur da Coruña e oeste de Lugo), cun investimento total de 3,58 M€.

### **Máis de 60.000 fogares e negocios conectados**

Preto de **30.000 novos fogares e negocios** de Galicia quedarán conectados ás redes de nova xeración de **R** cando rematen as actuacións adxudicadas en 2018. A estes traballos hai que lles sumar as tarefas de extensión de redes avanzadas que desenvolveu **R** dende 2016 en virtude doutro concurso do Plan PEBA do Ministerio para lles achegar tamén a tecnoloxía FTTH a diferentes “zonas brancas” da xeografía galega; en concreto, para conectar **33.000 fogares e negocios**, cuxos servizos están xa en fase de comercialización.

Deste xeito, cando finalicen os dous plans, **máis de 60.000 novas residencias particulares e empresas** quedarán preparadas para recibir os servizos avanzados de **R**.

A día de hoxe, só no marco do Plan Avanza, **R** chegou por primeira vez coas súas redes de nova xeración a núcleos de poboación das catro provincias galegas que nunca dispuxeran de alta velocidade nos concellos do Rosal, Monterroso, Palas de Rei, Boqueixón, Porto do Son, Curtis, Cuntis, Meaño, Mos, Pobra de Trives, Peñín, Barreiros, Lourenzá, Ortigueira, Cariño, Camariñas, Muros, Cerceda, Antas de Ulla, Moraña, Guifiriz, Tomiño, Abegondo, Ribadumia, Combarro, Muxía, Valga, Vilaboa e Ponte Caldelas.

Todas estas localidades poden gozar agora de accesos ultrarrápidos a Internet de 500 megas simétricos con velocidade garantida, do descodificador Android 4k da televisión dixital de **R** e de pura alta definición co servizo **rebobina**, para ver a tele como e cando se queira.

Así mesmo, as/os clientas/es de **R** poden aforrar no seu plan de datos móbiles e conectarse gratuitamente a arredor de 130.000 puntos da rede wificlientes **R** diseminados pola xeografía galega. E todo isto, cunha atención ao/á cliente/a próxima, de calidade e sempre dende Galicia.

### comunicación **R**

[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)

[R.gal](http://R.gal)

